

Semana do
Libro de
Compostela



Páxina 5

VI Concurso
"Cociñar con
viño" en
Ribadavia



Páxina 9

O Concello de
Ourense
mantén o
orçamento de
2014



Páxina 14

Tui habilita un
millón de
euros pola a
traxedia de
Paramos



Páxina 17

Concellos do
GDR 14 poñen
en marcha un
xeodestino
turístico



Páxina 19



O segundo Festival do Viño da Ribeira Sacra será en xullo

Páxina 11



www.bodegasdocampo.com

Ribeiro
Tlf. 988 470 258
Sampaio
Ribadavia
Ourense

Bica Amanteada
*
Viños da Ribeira Sacra.
Valdeorras, Albariños, Godello
*
Mel Marrón Glacé
*
Vianos
*
Productos do Bierzo

Tenda Café-Bar
Adega do GRILO
sabor a ribeira sacra
PRAZA DO PRADO 1
T. 988 20 30 34
CASTRO CALDELAS





**Nº 1 EN
FRESCOS**

**DO MAR Á TÚA MESA
EN 6 HORAS**

GADIS

En Confianza

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Ordenando a miña alacena (III)

Teño unha alacena que se parece moito a unha cesta de cereixas. Vas quitando unha e saénche engarzadas todas as outras. Eu voulle botando “perlas” das que se nos ofrecen cada día. Algunhas, claro, porque se lle boto todas coas que tropezamos a cotío, en vez dunha alacena tiña que dispor dun auténtico almacén.

Hoxe vou sacar unhas cantas; tam-pouco se trata de aborrecer os lectores coas miñas “curiosidades”. Está claro que da curiosidade sae todo. Se pasamos pola vida sen deternos en nada, sen fuchicar en nada, acabaremos coma mobeis vellos que xa non prestan servizo. Claro que existe a curiosidade enfermiza. Aquela en que pretendemos meter o fuciño onde non temos nada que pintar. Non; eu refirome á curiosidade que peta á nosa porta con insistencia; esa que cada día nos demanda atención dende todos os medios ao noso alcance. Ou te refuxias nun cenobio ou es “vítima” de milleiros de curiosidades. Todas elas teñen algo que ver coas nosas vidas. Agás que sexamos tan apáticos que pasemos pola vida sen comelo nin bebelo, ou sexa, como se non fora nada connosco.

A primeira cereixa que me sae hoxe refírese á distribución de libros nas escolas públicas que fomentan a educación privada e o traballo infantil.

En Castilla y León repártenselle libros aos nenos/as con contidos que animan a traballar dende nenos/as para logo poder entrar nun bo colexio ou universidade. Libros con títulos tan subxectivos como : Mi primer libro de economía, ahorro e inversión. Sobre eleccións e gobernanza aconsellan así: “Pensa se os países gobernados

por populistas tiveron en conta o benestar do seu pobo e a mellora do seu nivel de vida”. Creo que sobran comentarios. Logo aínda temos por estes lares os que falan de adoutrina-mento nas escolas. Curiosos.

Durante o curso 2016 os libros que foron repartidos polos centros eran deste calibre : Mi primer libro de economía, ahorro e inversión “Mis primeras elecciones: sector público y sistemas de gobierno”; destinado NON a rapaces e rapazas de secundaria, NON; era para nenos/as de infantil e primaria. Repartíronse 9.000 exemplares.

En próximas entregas seguiremos falando deste tema que dá para moito. Hoxe imos facer un totus revolutus de noticias para que sexan máis di-xestivas.

Estes días cócese nas Cortes xerais unha moción de censura do PSOE contra Mariano Rajoy. Cando pechamos estos comentarios non sabemos cal vai ser o resultado; si sabemos os antecedentes non os consecuentes.

O CIS, ese organismo que volve tolos aos partidos políticos, non estaba deixando en bo lugar aos socialistas. Ata lle gañaba Ciudadanos. Como é isto posible, preguntábase a xente, como se os socialistas tiveran o dereito de ser o partido elixido polos enquis-tados. Nestes mometos as cousas xa van cambiando de rumbo. Agora todos admiten que o PSOE pode ser acción de goberno se gaña a moción de cen-sura. Esta está sendo o apoio que lles faltaba para endereitar o rumbo e voltar a ser unha forza gañadora. Ata que Pedro Sánchez dera un puñetazo na mesa e “con nocturnidade e alevo-sía” ordenou presentar a moción de censura ninguén, nin sequera dentro

do Partido, o consideraba como posible inquilino da Moncloa.

Veremos que pasa. As espadas están erguidas, sobre todo entre os vascos e cataláns. Estes últimos veñen de er-guer o 155 e comezan unha nova xeira. Ata cando? Ata que dende o Goberno do País lles ofrezan algo substancioso que lles calme as ansias de independencia. Difícil tarefa para quen substitúa a Rajoy pero será a única solución se queremos que o avispeiro de Cataluña se calme.

Pero a principal preocupación dos socialistas actualmente é a mala imaxe que estaba tendo Pedro Sánchez entre o electorado. Un 85% censúrao, in-cluídos o 60% dos votantes socialistas que aseguran desconfiar do seu Xefe.

Conseguíu ter as mans libres no Partido, sen embargo víase atrapado no seu propio éxito. Nestes momentos a situación cambiou radicalmente. Claro que iso pode durar só ata pasado mañá, venres, cando se vote a moción de censura. En calquera caso, aínda perdendo a votación que o levaría á Moncloa, o efecto de “re-sucita-do” xa se produciu. Nada será igual a partir de agora nas filas socialistas. Toda a tropa “vermella” está detrás do seu Candidato conscientes de que era algo que lles facía falta. Un calenturón político que os sacara do marasmo en que estaban

asulagados.

Pedro Sánchez tiña que facer algo rápido e contundente para suplir a deficiencia de non contar con estrado no Congreso. Alí onde os políticos se bregan e que el abandonou por cohe-rencia consigo mesmo pero que lle estaba ocasionando un dano inesperado: ser invisible para a maioría dos españois. Todo un Rivera e un Iglesias lle comían o caldo na cabeza. Mañá e pasado veremos de novo esa estrela socialista refulxente. Que consiga concitar o apoio de 176 ou máis de-putados precisos para a vitoria xa é outra cousa.

Diso falaremos cando volte meter a man na miña cesta de cereixas da miña particular alacena. Sexan felices!!



FUGO PRADO



**01.06. —
10.06.2018**



**SEMANA DO LIBRO
DE COMPOSTELA
2018**

**PRAZA DA QUINTANA
selic.gal**



A segunda edición da SELIC encherá a Quintana de actividades arredor do libro do 1 ao 10 de xuño

Máis dunha trintena de expositores, entre editoras, librarías e institucións tomarán parte na segunda Semana do Libro de Compostela (SELIC), que se desenvolverá na praza da Quintana do venres 1 ao domingo 10 de xuño.

A SELIC repite emprazamento na praza da Quintana e reduce lixeiramente os horarios de apertura da edición anterior. Este ano, a carpa estará aberta de luns a venres en horario tarde, de 17:00 a 21:00 h, e os sábados e domingos abrirá ás 11:00 h para non pechar até ás 21:00 h. Ademais, co gallo de dar abeiro ás numerosas actividades previstas, a programación esténdese a outros espazos e prolóngase no tempo os venres e sábados tralo peche da carpa.

Presentacións e sinaturas de libros

A programación da segunda edición da SELIC garda lugar para a presentación e sinatura de numerosas publicacións recentes entre as que se contan moitos poemarios. Así, Marga Tojo estará a presentar o seu libro *Cara de velocidade*; Carlos Negro fará o propio con *Tundra*; Eli Ríos con *Culpables*, e Teresa Moure con *Não tenho culpa de viver, no que traduce ao galego os poemas de Ana Brouwer*. Ademais, o escritor e xornalista Daniel Salgado e o poeta Ismael Ramos conversarán sobre os seus últimos libros, *O gran rexeitamento/Flores* para Albert Ayler e *Lumes*, polo que Ramos vén de recibir o premio á mellor edición na Gala do Libro Galego 2018.

A SELIC contará tamén coa presenza do poeta Antonio Gamoneda. O gañador do Premio Cervantes visita Compostela para descubrir en Fonseca un novo chanzo do Xardín das Pedras que Falan. O venres 8 manterá na carpa un encontro co público que será conducido por Claudio Rodríguez Fer.

Póvoa de Varzim e os vencellos coa lusofonía

Póvoa de Varzim será a cidade convidada desta SELIC, que celebra o vínculo coa contorna lusófona. O domingo, día 3, a feira contará coa presenza de Dulce María Cardoso, unha das voces literarias máis importantes do país veciño, gañadora, entre outros, do Premio da Unión Europea para a Literatura e nomeada Cabaleira da Orde das Artes e as Letras de Francia. Ese mesmo día, a Cámara



Municipal da localidade lusa ofrecerá unha mostra das súas danzas tradicionais coas Rusgas de Póvoa no exterior da carpa. Ademais, o luns 4, o escritor e profesor de literatura lusófona da USC, Carlos Quiroga, conducirá unha sesión arredor do festival literario *Correntes d'Escritas*, un espazo para o encontro das literaturas e as linguas que se celebra cada febreiro en Póvoa. Na sesión conversará con Manuela Ribeiro, organizadora deste festival e directora da revista literaria que toma o seu nome. O martes, día 5, a SELIC ofrecerá un recital musico-poético da man de Aurelino e Carlos Costa e o mércores, día 6, acollerá un debate sobre os nexos e fronteiras entre as literaturas galega e portuguesa no que tomarán parte Suso de Toro e Teresa Moure.

Paseos literarios

A segunda edición da feira inclúe unha serie de paseos literarios que procuran homenaxear a obra de autoras e autores galegos e a pegada da nosa cidade na literatura e que contan coa colaboración da Asociación de Escritoras e Escritores da Lingua Galega e outras entidades como a Asociación Cultural O Galo.

O primeiro deles arrancará o venres 1, ás 19:30 h, da Casa da Troia, para percorrer as rúas do casco vello até chegar á praza da Quintana. O segundo, o sábado 2, percorrerá os espazos dos afectos e feitos do poeta Salvador García-Bodaño. O xoves 7 é quenda para revisar a ruta de Fermín Bouza Brey en Compostela despois de ser expulsado da xudicatura a primeiros dos anos cincuenta. O sábado 9, Carlos Callón conducirá os/as paseantes por unha revisión da homosexualidade en Compostela no medievo e, o domingo 10, un paseo poético percorrerá as rúas da zona vella.

OFF SELIC

Os venres e sábados, a programación da SELIC esténdese tras o peche da carpa, que se converte, a partir das 21:30 h, en pano de fondo para diversas actuacións que empregarán as escaleiras da Quintana como auditorio. Este programa adicional encétase o venres día 1, cunha contada de Quico Cadaval que xorde por iniciativa do Departamento de Lingua do Concello de Santiago. O sábado 2, grazas a unha iniciativa da librería Numan, o público poderá asistir á escenificación poético-musical do libro *Matar a Platón*, de Chantal Maillard. A autora asumirá a interpretación deste texto, que musicarán Chefa Alonso e Jorge Frías. O venres 8 será quenda para o recital arredor dos poemas de *El jardín de atrás* – Bakgārðurinn, de Elías Knörr, que foron traducidos ao galego en O marneiro con cabalos matutinos baixo o vestido. E xa o sábado, día 9 a Escola de Música Popular e Avanzada (EMPA) de aCentral Folque ofrecerá un concerto de música tradicional e folk contemporáneo por conta do alumnado e o profesorado do centro.

Completan o programa as numerosas actividades infantís de balde e a edición de seis novos libros, cinco deles reúnen relatos escritos até principios do século XX e traducidos á nosa lingua por Pepe Sendón, nos que toparemos historias de Guy de Maupassant, Chekhov, Poe, Apollinaire, Kafka ou Proust, entre outros. O sexto volume, baixo o título *Contos composteláns*, comporase dun feixe de relatos de Ramón Caride Ogando, Salvador García-Bodaño, Marilar Aleixandre, Miguel Anxo Murado, Gonzalo Navaza e Helena Villar Janeiro, que se desenvolven nas rúas de Santiago.

A II Festa do Deporte celebrarase o 28 e o 29 de setembro

Nesta nova Festa do Deporte concentrarase a localización no Parque de Galeras e nas instalacións deportivas de Santa Isabel, para facilitar que a veciñanza poida achegarse a coñecer e practicar calquera deporte dos que estarán a disposición de todos e todas. "Sabemos que o éxito da primeira edición debeuse ao esforzo que amosaron as entidades participantes e desexamos que a Festa do deporte 2018 contaxie a mesma ilusión", indicou Noa Morales.

Dúas xornadas

Tras unha primeira edición dunha única xornada de mañá e tarde, desta vez o evento deportivo celebrarase en dous días, o 28 e o 29 de setembro. Así, o venres 28 de setembro convidarase os centros educativos do concello a participar das diferentes actividades, facendo da Festa do Deporte un escaparate das variadas disciplinas e unha ferramenta que impulse as inscricións de novos deportistas nas entidades participantes.

Xa o sábado pola mañá, o protagonismo será das entidades, que recibirán o convite para mostrar a súa actividade a través de exhibicións, poñendo especial foco nas master class que permitan que os e as asistentes poidan probar e poñer en práctica a modalidade que máis lle interese.

Na primeira edición participaron 53 entidades e houbo preto de 60 modalidades deportivas. Ademais, a pesar das altas temperaturas, achegáronse a este evento ao redor de 1.400 persoas de todas as idades.

Opinión

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

0 tripartito do 155

Dende outubro vivimos unha mutación constitucional á marxe de todo procedemento legal, en clave de estado de excepción non declarado. Porque o Goberno do Estado e o Senado, seguindo a Carl Schmitt, acordaron medidas de excepción á marxe da legalidade, na pura lóxica do “a por ellos” e do “hay que hacer todo lo que haya que hacer”.

O artigo 155 da Constitución permite só adoptar medidas de control e intervención do autogoberno, como escribiron xuristas ben alleos ao soberanismo, como G^a de Enterría ou Gil-Robles Gil-Delgado. Mais non

medidas de suspensión da autonomía, como o cesamento do Goberno catalán e a disolución do seu Parlamento. Porén, as medidas de excepción non ficaron no 27-O senón que continuaron ao se decretar prisión para políticos por mór de inexistentes delitos de rebelión ou sedición e ao vulneraren a competencia dos Tribunais ordinarios cataláns para que fosen a Aud. Nacional (AN) e o T. Supremo (TS) os que axuizaran os procedementos abertos contra os nunca violentos líderes soberanistas.

O discurso do Xefe do Estado do 3-O chamou á implícita declaración deste estado de excepción. E dende

entón os seus tres piares políticos disputan irracionalmente para ver quén propón a ilegalidade máis grande. Disque para defender a unidade de España.

O PSOE (especialista en lle mercar o relato territorial á dereita española) chegou estes días a extremos impensábeis hai poucos meses, como reformar o Código Penal para castigar como delitos de rebelión decisións ou actuacións políticas non violentas. Seica tamén a convocatoria de referendums. Emenda á totalidade ás reformas xurídico-penais de Belloch (1995) e Zapatero (2005). Sinal inequívoco de que os presos están no cárcere pola decisión arbitraria dos maxistrados do TS e de que a súa inminente perda dos dereitos políticos (só posíbel neste caso antes da sen-

tenza por unha interlocutoria de procesamento definitiva polo delito de rebelión) vai contra toda legalidade.

Mais no presente campionato europeo de ilegalidades tamén salientan a proposta de Ciudadanos de que continúe o 155 malia que haxa novo Govern ou a provisional decisión do Goberno do Estado do PP de non publicar no DOGC o nomeamento do novo Govern, esquecendo maliciosamente que todas as persoas nomeadas están na plenitude dos seus dereitos políticos e que a publicación é un acto regrado e incondicional.

Malos tempos para se dedicar ao Dereito.



Egoísmo ou país

Xosé Manuel Beiras ven de recoñecer que a esquerda española coa que pactou para construír En Marea non acredita a serio na plurinacionalidade do Estado. Porén, pensa que na Galicia pode haber unha coalición transversal gañadora que lle gañe ao PP e chama a non se confundir de inimigo nin de adversario.

Galicia é un país co 5,5% do PIB e o 5,1 da poboación do Estado. Ou sexa, que temos intereses como País, ben distintos aos dos outros territorios do Estado. Podemos pode ser un aliado táctico do galeguismo, nunca o núcleo dun grupo parlamentario no que se

integre a representación galega. En Marea non foi quén de visibilizar Galicia e os seus intereses no Congreso estatal. Cómpre outra fórmula para as vindeiras eleccións estatais que posibilita o protagonismo do noso País e das nosas maiorías sociais. Deses intereses tan definidos e distintos dos que imperan non só nas elites, senón nas maiorías sociais doutros países do Estado.

Até hai moi poucos días semellaba que a lexislatura remataría na primavera do 2020. Mais a moción de censura do PSOE, fracase ou gañe, enfróntanos a unha lexislatura con remate na fin de 2018 ou no primeiro

semestre do 2019. Cómpre amañar o erro de 2015-2016 e garantir un Grupo Galego.

Diante da actual enxurrada de supremacismo españolista e de recentralización empresarial, social e política cómpre unha coalición nacional, á corsa, interclasista e transversal, de toda caste de forzas políticas e sociais galegas que teñan o País como centro de decisión e cerne da súa cosmovisión. Que integre BNG, En Marea, Compromiso por Galicia, candidaturas municipalistas e outras forzas de soberanía galega ou municipal para defender, afirmar e proxectar no Estado e na Unión Europea a nosa identidade nacional, lingüística e cultural e os nosos intereses económicos e so-

ciais, ao tempo que xogue a prol dunha reforma constitucional do Estado que garanta o meirande autogoberno de Galicia como mellor instrumento para garantir a calidade de vida e o benestar da cidadanía galega.

O intelectual e filólogo angloirlandés Craig Patterson é un claro exemplo dos europeos que escollen Galicia e a súa lingua como patria de adopción. Estoutro día, falando dun tema moi semellante, dicíame que ou trunfaba o egoísmo ou trunfaba o País. Ten razón.

É tan difícil arrumbar os sectarismos, eses “eu con fulano non vou”, os intereses miúdos dos partidos e persoeiros políticos para construír unha coalición nacional gañadora?

Por Jesús Témez Fernández

Todo cheira a podrecido

Estamos ante a descomposición de todas as ordes en España. Todo está enmarañado. A política soborda en corrupción. Desde os partidos máis apegados ao sistema ata os que o critican con fruición. A Coroa enfangada pola ancha sombra da sospeita sobre o yernísimo e a

súa muller. A Xustiza, emponzoñada de fedor do poder máis corruptor e cada vez máis na diana e afastada dos sectores populares. O deporte politizado ata extremos nauseabundos e infecto tamén de corruptelas institucionais. A Federación Española de Fútbol como exemplo máis visible;

o poder empresarial como actor dinámico de todo esta sinerxia bochornosa que parece non ter fin. Pero quizá o máis preocupante sexa tamén a descomposición da orde social coa Universidade e os medios de comunicación, en especial os audiovisuais, como baluartes máximos. Que Tele 5 sexa unha cadea xeradora de repugnantes e truculentos contidos é algo que se asimilou con abraiante norma-

lidade. Pero que a Universidade, fonte do saber e berce da formación sexa unha máquina engrasada de tráfico de influencias e falsas acreditacións fan que o réquiem por este país estea a piques de ser solfexado. R.I.P. España.



Por Avelino Jácome

Erguendo un facho no arco da vella

Se cadra, fixéronche o aniversario porque pensan que morriches, xa sabes que en vida non quixeron tratar contigo, tiñan outras máis fanchendosas, avergoñábanse de ti. Es a parente probe que despois de morte fanche as gabanzas para quedar ben e que non os critiquen os veciños.

Agora adícanche cabodanos dabondo, honras a cachón, ata louvan o boiña e agarimosa que es, namentres non esmoreza o dia. Cando entre lusco e fusco agroma a noite, sotérrante outra vez, levan con presas á sepultura o teu cadaleito, poñenlle unha lousa inxente enriba, víranse de costas e arrincan para onde as súas candongas, emporcallanse con elas cheos de luxuria co desexo e a saudade reprimidas

buscando os seus bicos traizoeiros.

Rianse de ti cando enchías de cantigas as leiras e as congostras, cando os meniños te mamaban como a leite dos peitos da súas naiñas.

Impedida e prohibida, magoadada e mancada, maduraches como as cereixas de San Xoan derretíndote doce nas gorxas, esmagando a fame e a sede da liberdade.

Seica os outros días sácante ás prazas a bailar, atada con unha cadea ao pescozo na cima de unha escada, como se foras a cabra domesticada coa que o xitano esperta aos veciños da Vila nas mañás dos domingos, tócanche algunha muiñeira para aparentar que lles importas e liscan como foguetes a poñerche os cornos, despois, eso sí,

de recollerem unha a unha as moedas que tiran dende a fiestra os veciños, esmolos noxentas que se volven responsos do ultraxe cos que cada día che fan un novo funeral.

Pero non deixaremos que te maten, por moitos proxenetes que te vendan, ti naciches como a herbiña nos camiños, papouliña delicada, es unha lavandeira e unha rula, es unha pega nun carballo, es unha orballada cada noite que lambe con dozura a nosa alma.

Sen ti nada somos, por iso medrarás nas cañotas, xenos novos naceránche, botarás lonxe as cadeas, xurdindo do pobo cativo, dos ameneiros e dos vidos, como unha uz dura que medra entre as carqueixas no Coto das Casas, no monte de Ribas do Asneiro.

Contigo soñarán de volta os nenos, os mozos farán novas cantigas, resoarás nas leiras e nas vilas, nas cidades pasarás polas rúas erguida no alto

como un facho que aniñou no Arco da Vella, reflectindo con lume dourado a promesa das mil primaveiras, cando vexas ese arco, lembra : "A nosa lingua sempre estará viva mentres un galego queira"

Xa sei que o sabes papá ti dende que te fuches estás o tanto de todo, sempre decías que o galego non morrería mentres os galegos o falaran , pero agora que temos liberdade para facelo e cando corre perigo, ti xo decías sempre que o mellor e poñer en obra o que se pensa, deixarse de andromenas e traballar, por eso escribin esto para ir poñendo aínda que so sexa un grauciño, pequeniño como unha bolboretina.



Compromiso por Galicia contra os localismos no sistema aeroportuario galego

Seguimos no localismo que está a matar ao noso país; temos tres aeroportos que os tres xuntos apenas fan un"

Xoán Antonio Cortés, secretario local dos galeguistas en Vigo, falou nestes termos sobre o recentemente convocado "comite de rutas" onde seguen a disputarse entre as tres cidades os destinos aeroportuarios. Neste tema anota que non podemos permitírnos estar a subvencionar tres aeroportos para un total de tránsito de pasaxeiros que non chega nen aos 5

millóns en total, cando por exemplo o de Porto move sobre 7 millóns no ano.

Desde Compromiso por Galicia apostan por invertir nunha rede de cercanías que optimize as conexións entre vilas e cidades e "transfers" directos a Lavacolla desde as grandes áreas urbanas galegas, que están situadas a menos de 100 km, isto cambiaría o mapa aeroportuario galego e con el a conectividade do noso país co resto do mundo.

Para os galeguistas a chegada do AVE marcará

un antes e un despois para os sistema de tres aeroportos en Galicia.

Nesta reestruturación do sistema de conexións de Galicia co mundo, a chegada do Tren de Alta Velocidade suporá unha forte competencia para os aeroportos. Neste sentido desde Compromiso por Galicia entenden mais do que necesario un debate serio sobre a conectividade futura de Galicia e que debe ser feito con tempo suficiente para racionalizar os custos do cambio necesario.

O BNG apoia fondos europeos para paliar os danos dos incendios de outubro

A eurodeputada do BNG, Ana Miranda, votou a favor o pasado 30 de maio, no pleno do Parlamento Europeo, da mobilización do Fondo de Solidariedade da Unión Europea para facer fronte aos datos dos incendios que o pasado mes de outubro (entre os días 10 e 17) estragaron Galiza.

Segundo o documento aprobado hoxe, en total serán 3,2 millóns dos euros a cantidade destinada a paliar a destrución de infraestruturas públicas, vivendas, empresas e zonas forestais, cunha superficie quei-

mada total de 49.171 hectáreas, 151 concellos atinxidos e case 100.000 persoas afectadas.

Ana Miranda manifestou que o BNG "estará atento ao control das axudas concedidas porque existen evidencias previas da mala execución de fondos na prevención dos incendios". Asemade criticou que o Estado Español non solicitara a activación do Mecanismo de Protección Civil da Unión, "como si fixo Portugal xa no mes de outubro, inmediatamente despois da catástrofe", puntualizou a eurodeputada nacionalista.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: –Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

A Concellería de Participación recibe 25 solicitudes de subvención para as entidades veciñais

A Concellería de Participación e Innovación Democrática vén de pechar o prazo de recepción de solicitudes de subvención para apoiar o mantemento e as actividades das asociacións veciñais do municipio. A terceira convocatoria do programa Barrios en movimiento!, ao que o Concello destina 40.000 euros, conta con dúas liñas de axuda destinadas, por unha banda, á posta en marcha de programas, proxectos ou actividades de interese cívico, social ou cultural que favorezan a participación cidadá e que teñan un carácter complementario respecto dos programas municipais, así como para cubrir gastos xerais de funcionamento das asociacións que non dispoñen dun local propio nin municipal en réxime de cesión gratuíta.

A concelleira Claudia Delso explica que este ano o número de solicitudes recibidas de entidades veciñais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións Coruñesas (REMAC) é o mesmo que na pasada edición, 25, aínda que subliñou "o ac-



A edil Claudia Delso

ceso a estas axudas, por vez primeira, de algunhas entidades veciñais que non participaron nas anteriores edicións". "É importante que estas liñas de axuda contribúan a dinamizar o tecido asociativo veciñal, apoiem ás asociacións recentemente constituídas e posibiliten que aquelas outras menos activas poidan reactivarse", apunta a edil, quen salienta o incremento do número de tramitacións realizadas a través da sede electrónica municipal, feito que vinculou co recente convenio de colaboración asinado entre o Concello e a Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e a Área Metropolitana e

que ten como obxectivo facilitar a información e a participación do tecido asociativo da cidade. "As entidades contaron nesta ocasión co acompañamento da Federación, que se comprometeu á prestación de apoio para á participación en programas municipais e de asesoramento para a realización de trámites administrativos, entre outras cuestións", sinalou. Nas vindeiras datas, a área que dirixe Claudia Delso procederá a examinar as solicitudes recibidas e requirir a documentación necesaria para, posteriormente, convocar á comisión de valoración e ditar a resolución provisional.

Proxecto de demolición do viaduto da Rolda de Nelle

O goberno local da Coruña porá en marcha no segundo semestre deste ano a redacción do proxecto para a eliminación do viaduto da Rolda de Nelle. O concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda, Xiao Varela, avanzou esta mañá que o executivo municipal acometerá no 2019 a iniciativa, "en resposta a unha demanda histórica da veciñanza da Agra do Orzán", tras constatar que a redución do tráfico na zona permite un cruzamento en superficie do mesmo e, polo tanto, "a viabilidade da demolición da infraestrutura desde o punto de vista da circulación".

O concelleiro trasladou nesta xornada ás entidades veciñais da Agra do Orzán, Entrerrondas e á propia Federación de Asociacións Veciñais da Coruña e da Área

Metropolitana a proposta municipal, que foi acordada e verificada con elas e que suporá, segundo indica, manter o tráfico en superficie sen substituír o viaduto "por ningún outro tipo de infraestrutura". "O obxectivo é dotar de maior urbanidade á Rolda de Nelle, humanizándoa e transformándoa nun bulevar", apuntou o edil, quen explicou que o Concello constatou a redución do volume de tráfico na zona en case un 30% desde a apertura da Terceira Rolda. "Os datos da Concellería de Mobilidade avalan a vontade popular, polo que se acometerá a eliminación dunha barreira que leva 40 anos na vía, impedindo unha comunicación natural na mesma debido á lonxitude da infraestrutura, e que foi denuncia pola cidadanía desde a súa construción", aseverou Varela.



O Concello notificou a 255 persoas propietarias de fincas a obriga de limpar e adecuar as súas parcelas, dentro do Plan Municipal de Prevención de Lumes

A Concellería de Medio Ambiente indica que o Goberno local está a realizar tamén as tarefas de roza, corta e limpeza nos terreos municipais

O Concello vén de notificar ás persoas propietarias 255 parcelas catastrais do termo municipal a obriga (de acordo coa Lei 3/2017 de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia) de ter limpa a súa parcela antes do vindeiro 30 de maio, dentro do Plan Municipal de Prevención de Lumes

despregado para este ano. Trátase das fincas que a inspección municipal, xunto co servizo de Bombeiros e responsables do distrito forestal, identificou pola falta de adecuación aos requisitos da norma, que require a xestión da biomasa vexetal así como a retirada das especies prohibidas (eucaliptos, piñeiros e acacias)

polo seu potencial pirófito e a ampliación das franxas de protección de 30 a 50 metros nos perímetros das edificacións sinaladas pola lei e de 10 metros das vías de comunicación.

Como fai notar a concelleira de Medio Ambiente, María García, este prazo mudou respecto a anos anteriores, no que o período para a limpeza se prolongaba ata o 30 de xuño, tal e como xa se lle comunicou aos propietarios e propietarias destas fincas. Este cambio afec-

ta, tanto ás parcelas que recibiron requirimento, como ao conxunto de terreos suxeitos ao Plan de Lumes. As comunicacións realizadas ás persoas propietarias lembran que a norma autonómica estipula multas de entre 1.000 e 10.000 euros, que se poden reiterar ata que non se cumpra con esta obriga. García advirte que, unha vez superado o prazo do 30 de maio, o Concello procederá a comprobar se os traballos de limpeza foron realizados.

Dentro do seu Plan de Prevención de Lumes, o Concello está tamén a abordar as tarefas de limpeza e roza, así como de eliminación destas especies pirófitas nas parcelas municipais, nas que se está ampliando a franxa de seguridade de 30 a 50 metros onde hai vivendas como esixe a lei. García indica que o servizo municipal está a atender tamén peticións da veciñanza, como no caso dos eucaliptos que estaban situados na rúa Lázaro Cárdenas.

A Xunta avanza na mobilización de terras en Sober

A Consellería do Medio Rural segue apostando pola mobilización de terras e da un paso máis no proxecto aberto no Concello de Sober e que afectaba unhas 30 hectáreas na parroquia de Proendos. En concreto, rematouse xa a primeira fase de análise que consistía na identificación en campo de todas as parcelas deste perímetro, en total 185.

Nesta fase comprobouse o uso destes predios e clasificáronse entre as terras con vocación agrícola (tanto pasteiros coma terras de labor) e as plantacións forestais.

Unha vez descartadas estas últimas, a intervención implicará a 135 parcelas que alcanzan 21 hectáreas de terreo. Para cada unha delas concretouse un plan de actuación no que se contempla o seu estado actual e as operacións propostas.

Agora éntrese xa nunha segunda fase que consiste no contacto entre as persoas titulares dos predios cos interesados en arrendalas para acordar os termos do acordo. Será baixo a figura de arrendamento pactado que contempla a lei de mobilidade e que permite un convenio rápido e en condicións de prezo

e prazo conformes cos intereses das dúas partes.

Nestes terreos executaranse traballos de dinamización como as labores de limpeza e roza, e de adecuación do chan para as labores de labranza e de produción de pastos, incluíndo o abono. Está previsto tamén reparar a rede viaria principal que comunica as parcelas para facelas máis accesibles.

Este proxecto non é o único que desenvolve a consellería ao longo de Galicia, pero si destaca por dúas características que o fan especialmente interesante. Dunha banda, o feito de que o con-



cello teña desenvolvido un banco de terras propio de carácter municipal e que fai que os veciños xa estean familiarizados con este tipo de acordos e coñezan as vantaxes da xestión de terras a través do arrendamento público. E doutra banda, existen tanto predios susceptibles de poñerse a producir como gandeiros de vacún de leite e

agricultores de cereais identificados e interesados en aumentar a base territorial das súas explotacións.

Entre o resto de iniciativas que están en marcha en Galicia hai todo tipo de cultivos en diferentes zonas, como novos soutos no Courel, praderías nos Ancares e a posta en valor de terreos afectados por lumes en Cualedro e Oímbra.

Degustación dos pratos premiados no VI Concurso “Cociñar con viño”

No Pazo do Carballo, de Sampaio (Ribadavia), a adega Viña do Campo presentou á prensa especializada os pratos das receitas premiadas no VI Concurso Gastronómico Viña do Campo “Cociñar con viño”, da modalidade de alumnos de hostalería.

Xosé Mazaira Vázquez (de Chantada) e Xabier Novoa (do Carballiño) alumnos do IES de Vilamarín, prepararon o prato

que acadara o primeiro premio: “Solombo de tenreira ao Mencía con rulo de allo, porro recheo de queixo de San Simón, castañas ao Mencía e salsa de pan de broa”.

Os xornalistas e os membros do xurado, tamén degustaron o terceiro premio que consistiu en Pescada a baixa temperatura, crema de grelo, verduriñas e castaña caramelizada con Viña do Campo Selección”, de

Juan Luís Fernández Fernández, tamén do IES Vilamarín. A sobremesa estivo composta por semifrío de queixo con compota de manzá.

Os cociñeiros, durante a presentación dos pratos, explicaron a súa composición así como as súas características. O xurado tivera en conta, no seu momento, a elaboración do prato, a presentación, a degustación da mellor maridaxe do



Os cociñeiros preparando os pratos premiados.

prato cun máximo e utilización de ingredientes da zona.

Manuel Fernández, presidente do xurado, reafirmouse na votación realizada con motivo de Xantar (Feira gastronómica que se celebrou en Expourense no pasado febrero) e o xornalista de La Voz de Galicia e catador, Pepe Seoane, comentou os viños. Gerónimo Docampo, de Viña da Campo, avanzou os proxectos da súa adega para os vindeiros anos e comentou a boa acollida que profesionais e aficionados fixeron de Viña do Campo na recen celebrada Feira do Viño do Ribeiro.



Algúns dos membros da prensa especializada en gastronomía.



A degustación fíxose no Pazo dos Carballos de Ribadavia.

A Medusa: as cores da noite en Compostela

O primeiro que sorprende é a cantidade de cor dentro do local. A Blanca Coba, a propietaria do “Medusa”, gústalle sentir a calor das cores vivas, conseguir que o espazo sexa cálido para quen entra. Isto percíbese mirando as paredes, a decoración pero tamén saboreando os diferentes combinados que che pode preparar. Un coloreado gin-tonic con todas as sensacións que imaxines, ou tamén un dos seus batidos de froita, desde unha cor vermella brillante de sandía a un branco perfecto con canela. E para todos os gustos e clientes, porque os tempos piden novas ideas e A Medusa non queda atrás. Todas as sensacións están aquí reunidas porque todas teñen espazo.

NO CENTRO DE COMPOSTELA

A Medusa abriu hai xa dezanove anos e pasou por algunhas reformas ata que Blanca lle deu co punto. E ese punto foi querer reunir dentro do seu pub o maior número de persoas e que se sentisen cómodas.

Como se fai iso? Pois primeiro reunindo a experiencia de tratar con xente distinta durante moito tempo. Logo adiviñando os gustos de cada quen en cada momento e por último escoitando ás persoas que te visitan. Todo isto trouxo unha mestura de sensacións que van desde a música ata os diferentes tipos de tostas, bebidas e tortas que che pode servir Blanca. As tortas de chocolate son as mellores segundo entendidos.

O QUE NON PODES PERDER

Todo lugar ten uns puntos fortes, como as persoas, como calquera elemento nesta vida e A Medusa ten os seus. Velaí che van.

BEBIDAS E BATIDOS

Xa dixemos que as tortas de chocolate son unha das especialidades de Blanca, pero as súas tostas de tomate, quei-



xo, humus e especias non te deixan indiferente. Ao mesmo tempo, podes ver que a súa colección de bebidas é unha das máis surtidas da cidade. Desde unha xenebra holandesa a whiskies e bourbons do máis apetecibles. Ah, e insistimos, os seus batidos de froitas derreten ao máis duro. Hai para todo tipo de gustos.

TOSTAS E TORTAS

Si, hai lugar para a creación culinaria. Porque se algo ten A Medusa nos días de bo tempo

e tamén porque o frío o pide, as tostas con especias, queixo e outros ingredientes están chamando a atención de alleos e non tan alleos. Por outra banda, Blanca sabe preparar tortas, sobre todo as de chocolate, a súa especialidade para acompañar a túa bebida favorita.

DJ's

Escoitar aos clientes é unha das fortalezas de A Medusa. Por iso desde hai anos, entre copas, zumes, tostas e

tortas naceron outras ideas que lle deron unha personalidade propia a este local compostelán. Así naceu a idea de abrirse a Dj's de diferentes estilos que entran e saen os venres e sábados. Isto trae músicas que van desde o rock'n'roll clásico ata as fórmulas máis innovadoras. Queres probar? Pois faille a túa proposta a Blanca.

FUTBOLÍN

Digan o que digan, o fútbolín sempre será o rei das tabernas, pubs, bares e demais locais. Blanca sábeo e por iso ten reservado un lugar especial para este altar das paixóns futeleiras. En breve comezarán as ligas de fútbolín se o tempo o permite...e a afección saca as súas cores.

MERCADIÑO DE SEGUNDA MAN

Tes algo que xa non che cabe na casa? Os martes A Medusa abre o seu mercadinho para obxectos de segunda man. Desde roupa a obxectos de adorno pasando por libros, xo-

quetes...todo cabe neste espazo para sacar o mellor do teu baúl.

CLUBES DE LECTURA PARA CANDO A TARDE É TRANQUILA

As ideas comezaron por adicar os martes ás 20:30 da primeira semana de cada mes á novela negra. Si amigos e amigas. Quen ame este xénero poderase achegar na data e hora sinalada cos seus autores e autoras favoritos debaixo do brazo e compartir lecturas e sensacións con autores como Diego Ameixeiras, recoñecido escritor deste xénero, é un dos asiduos a estes encontros.

E se de certo amas todos os xéneros literarios, pois durante dous xoves ao mes terás o encontro “Serpes na Cabeza”. Poetas de onte e hoxe xunto a diferentes músicos lle dan forma a diferentes creacións propias e alleas.

Todo isto e o que queiras é A Medusa. Na praza Salvador Parga en Compostela, na zona vella, perto de todo.



O segundo Festival do Viño da Ribeira Sacra será en xullo

A segunda edición do Festival do Viño da Ribeira Sacra celebrárase entre o 6 e o 8 de xullo. O programa destas xornadas foi presentado no Centro do Viño da Ribeira Sacra de Monforte. Participarán vinte e catro adegas das cinco subzonas da denominación de orixe. O Concello de Monforte e o consello regulador da denominación de orixe, que son os organizadores, decidiron que os postos de viños e produtos gastronómicos instálense de novo no paseo do Malecón.

O alcalde, José Tomé, afirmou que o Festival do Viño “naceu con vontade de permanecer non tempo” e fixo votos para que se siga celebrando de forma continuada no futuro, cando sexan outras as persoas que estean á fronte do Concello e do consello regulador.

José Manuel Rodríguez, presidente do consello regulador, anunciou que a próxima cata de viños da denominación de orixe-que normalmente tiña lugar entre maio e xuño- celebrárase a mesma semana do festival, entre os días 4 e 6 de xullo. Nela participarán

expertos do País Vasco, Suíza e Italia, así como de diversas asociacións enolóxicas e gastronómicas galegas. “Queremos contar cun grupo moi amplo, para axudar a que a Ribeira Sacra sexa cada vez máis recoñecida”, apuntou.

Programación

Volverán ofrecerse concertos na praza de España, neste caso dos cantantes Najla Shami, Davide Salvado e Pedro Pascual, e dos grupos Sons do Douro e A Banda da Loba. Durante as dúas primeiras xornadas, ademais, haberá percorridos guiados de enoturismo polos ríos Miño e Sil e polo val de Quiroga. O programa de actividades complementarase con talleres de olaría tradicional de Gundivós, de recoñecimento de sabores, de contacontos e de manualidades para nenos.

Este o programa de actividades previsto para as tres xornadas do Festival do Viño. O 6 de xullo ás 9.30 horas Viño Ruta do Miño. Ás 16.30 horas Viño Rutas do Sil e o val de Quiroga. Ás 18.30 horas apertura do recinto no paseo do Malecón. Media hora máis

tarde empezará o acto de inauguración. Ás 22.30 horas concerto de Najla Shami, seguido doutro de Sons do Douro a partir das doce.

O día 7 de xullo ás 9.30 horas Viño Ruta do Miño. Ás 11.30 horas apertura dos postos no Malecón. Ao mediodía taller de olaría. Ás 16.30 horas Viño Ruta do Sil. Ás seis do tarde taller sensorial “Xogo de sabores”. Ás 19.00 horas contacontos con Anxo Moure. Ás 22.30 horas concerto de Davide Salvado e Pedro Pascual. A medianoite concerto do grupo A Banda da Loba.

O día 8 de xullo ás 11.30 horas apertura do recinto no Malecón. Unha

hora máis tarde taller sensorial “Xogo de sabores”. Ás 13.00 horas acto de clausura e taller de manualidades.



Intervención do presidente do consello regulador Ribeira Sacra.

2018 FESTIVAL DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA

6, 7 y 8 DE JULIO
Paseo do Malecón. MONFORTE DE LEMOS

VEN A DEGUSTAR LOS VINOS DE 24 BODEGAS!

ACTUACIONES MUSICALES
+ OBRADOIROS INFANTILES

ARTESANÍA GASTRONOMÍA RUTAS TURÍSTICAS

BODEGAS PARTICIPANTES:
+ ABADIA DA COVA + ADEGA VELLA + ALMA DAS DONAS + ÁMBORA + ASOLABADOS + CASA MOREIRAS + CIUDASEIS + CIVIDADE + CONDADO DE SEQUEIRAS + DÉCIMA + DETRUS + DON BERNARDINO + DON COSME + GUIMARÓ + LUCENZA + MALCAVADA + PEZA DO REI + PONTE DA BOGA + RECTORAL DE AMANDI + RONSEL DO SIL + VAL DA LENDA + VENDA DO BACELO + VINA CAZORA + VINA VELLA +

ORGANIZA: CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

COLABORA: CaixaBank, Xunta de Galicia, etc.

Galicia

Redacción OURENSE

O presidente da Xunta e o ministro de Fomento presentaron a conexión ferroviaria Lugo-Ourense

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou que a nova conexión ferroviaria que comeza a desenvolverse entre Lugo, Monforte de Lemos e Ourense, a través dunha folla de ruta coñecida en detalle, reflicte o compromiso real, con prazos e con orzamentos concretos, coa chegada da alta velocidade ferroviaria a Lugo, a través dun investimento de máis de mil millóns de euros.

“Estamos a falar dunha completa planificación que acredita a realidade con proxectos tecnicamente definidos e obras valoradas e recollidas en orzamentos que aseguran a súa viabilidade máis alá do papel”, aseverou. É sobre todo un compromiso palpable, un tren en marcha que circula xa a través da variante da Pobra de San Xiao de Lánca e que supón o pistoletazo de saída á renovación da liña de ferrocarril entre Lugo e Ourense, explicou, engadindo que esta actuación incidirá na comodidade, na ve-



Intervención do ministro de Fomento Iñigo de la Senra Hernández.

locidade dos percorridos e na seguridade, coa eliminación dos pasos a nivel.

E confirma, ademais, a vontade de mellorar a conexión con Madrid que comezou xa cun incremento de frecuencias entre Lugo e a capital de España que se traduciu nun aumento de viaxeiros de case do 40%.

Galicia interior

Durante a presentación da conexión ferroviaria, Feijóo incidíu en que estender ata a provincia e a cidade de Lugo

os beneficios do AVE, a través dunha liña actual e competitiva supón, tamén, un novo paso no obxectivo da cohesión territorial da Galicia interior. Ao longo da súa intervención, o presidente da Xunta recordou que con ese obxectivo da Galicia global, “tan unida por dentro ben conectada por fóra”, os gobernos central e galego están a traballar xuntamente para impulsar melloras na rede viaria tan importantes como: a Autovía do Cantábrico, en vías xa de so-

lucionar os problemas derivados da néboa no Alto do Fiouco; ou a Autovía Santiago-Lugo que ten xa todos os seus treitos en obras ou en servizo; a vía de altas prestacións entre Lugo e Sarria, en cuxo desdoblamento xa se empezou a executar; ou a conexión entre Celeiro e San Cibrao que continúa a desenvolverse na Mariña, agora coa súa extensión ata Viveiro.

Un conxunto de actuacións que certifican un compromiso coas comunicación desta provincia que debe continuar para garantir unha óptima conexión entre Lugo e Ourense tamén por estrada, como acontecerá coas actuacións anunciadas na estrada N-540.

Feijóo concluíu avanzando que, en canto o Goberno local de Lugo traslade a súa conformidade, se subscibirá o convenio para, entre as tres administracións, impulsar xuntamente a estación intermodal que situará esta cidade nas mellores condicións para conectarse coa alta velocidade.

CxG eliminará do Concello o “mercadeo político” das subvencións



Xoan Bascuas cos candidatos provinciais de CxG en 2016.

Compromiso por Galicia (CxG) anunciou que impulsará medidas no Concello de Ourense de fronte ao próximo mandato e a partir das eleccións municipais do ano que vén, para eliminar o que tacha de “mercadeo político” que se fai coas axudas ás entidades sen ánimo de lucro que traballan na cidade. O responsable da formación, Eladio Fernández (ex PSOE e ex Vía Nova), anuncia que CxG propondrá “bases públicas e transparentes” en Ourense como no resto das sete grandes cidades de Galicia para eliminar devandito “mercadeo”.

A formación cualifica de “xustas as demandas e queixas” de Cáritas Diocesana de Ourense polos atrasos acumulados polo Concello á hora de facer efectivas as axudas, e lembra que Cáritas nesta cidade atenden anualmente a máis de 15.000 persoas con recursos moi escasos na gran maioría dos casos, polo que non pode estar en dúbida o labor social que dispensa. Eladio Fernández chega a expor ata que punto, “dado ou importante papel que desenvolven estas entidades, mesmo debería ser competencia das administración” administrar a concesión de tales axudas.

Compromiso por Galicia comeza a traballar para as municipais

Compromiso por Galicia celebrou en Maceda as II Xornadas de Política Municipal, nas que se fixou o plan de traballo para as Eleccións Municipais de maio de 2019. A formación “engrasou a maquinaria electoral con vistas aos comicios municipais de 2019”, cuxo obxectivo é alcanzar un total de 120 candidaturas.

As II Xornadas de Política Municipal incluíron varios relatorios sobre municipalismo e réxime xurídico local, que correron a cargo do líder local en Ourense, Xosé Mosquera Caseiro (abordou un relatorio xurídico); o secretario de Programas e Estudos Políticos de Compromiso por Galicia, Daniel Lago (tratou o programa da formación para as Municipais); o alcalde de Maceda desde 2007 a 2015, Xabier Oviedo (dedicou o

seu relatorio á política municipal); o viceconsejero de relacións institucionais do PNV no País Vasco, Peru Bazako (interveu sobre réxime xurídico local do País Vasco e lei de bases de réxime local); o senador do PNV José María Cazalis (abordou o poder autárquico ou municipalismo no País Vasco) e o secretario xeral de Compromiso por Galicia, Piñeiro Docampo (incluíu no seu relatorio a idea de país e o proxecto de concello da formación).

Este último recoñeceu na súa intervención que Compromiso por Galicia traballará “para que Galicia teña unha Lei Municipal propia de réxime local, por débeda histórica e porque temos competencias”, xa que “esta é a



Xosé Mosquera é o líder local en Ourense por CxG.

única forma de que os concellos teñan a autonomía que marca a carta europea de autonomía local”.

Expourense protagonizou o Día de Galicia na 51ª Feira Agro de Braga

A 51ª edición de Agro, a Feria Internacional de Agricultura, Gando e Alimentación, que se celebrou em maio na localidade portuguesa de Braga, organizou o Día de Galicia. A Comunidade galega estivo representada por Ourense a través da presenza do presidente da Asociación de Feiras e Eventos de Galicia (AGAFE) e director xerente de Expourense, Alejandro Rubín, e da directora adxunta de Expourense, Emma González, que estiveron acompañados pola vicepresidenta da Confederación Empresarial de Ourense (CEO) e presidenta da Asociación de Mulleres Empresarias, Marisol Novoa.

En virtude dos convenios de cooperación transfronteiriça que Expourense mantén con distintas entidades do Norte de Portugal entre as que se atopa o novo Forum Braga (antigo Parque de Exposições), o recinto feiral ou-

rensán contou cun stand dentro do que promocionou as súas vindeiras citas vencelladas ó sector primario e ó turismo e nas que o mercado portugués xoga un importante papel. Ambas as dúas entidades colaboran para garantir a promoción dos seus recursos nos eventos organizados pola outra e que están vencellados co termalismo, a gastronomía ou o viño, potencialidades que comparten as dúas áreas da Eurorrexión.

Durante a visita da comitiva oficial do día ó stand de Expourense, ofreceuse unha degustación de produtos galegos de empresas colaboradoras como é o caso da Denominación de Orixe Monterrei. Tamén se fixo promoción de dos produtos de calidade de Galicia recoñecidos con denominación de orixe ou indicación xeográfica protexida. A comitiva local estivo integrada polo vicepresidente da Cámara Muni-



cipal de Braga, Filmino Marques; do presidente da Invest Braga, Carlos Oliveira; o administrador da Invest Braga, Carlos Silva, e do vereador de Economía de Braga, Antonio Barroso, e do director do Forum Braga, Carlos Coutinho.

A 51ª edición de Agro é o primeiro evento que se realiza no recinto bracariense logo das obras de remodelación que supuxeron un investimento de máis de 9 millóns de euros e

que sitúan a esta cidade no punto de referencia do turismo de congresos e incentivos. Os responsables do recinto portugués convidaron á comitiva galega a facer un percorrido polas novas instalacións.

As citas que Expourense promocionou en Agro foron: Termatalia, 18ª Feira Internacional de Turismo Termal, Saúde e Benestar. (Do 12 ó 14 de setembro de 2018). Celébrase en Foz do Iguaçu, en Brasil.

Sportur Galicia, 2º Salón do Deporte e Turismo Activo. (Do 15 ó 17 de novembro de 2018). Xantar 20º Salón Internacional de Turismo Gastronómico (Do 6 ó 10 de febreiro de 2019). Vinis Terrae, 8º Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade (Do 8 ó 9 de abril de 2019).

Con esta participación en Agro, Expourense reforza as súas relacións de cooperación transfronteiriça especialmente enfocada ao ámbito agroalimentario e ó turismo de proximidade co obxectivo de fomentar a competitividade das empresas galegas e, dun xeito especial, dos pequenos produtores ou cooperativistas.

Agro é unha cita que desenvolve un relevante papel de promoción e divulgación dos produtos e que serve de punto de encontro das empresas agroalimentarias de todo Portugal (e tamén algunhas galegas) recibindo máis de 80.000 visitas en catro días.

Galisenior presentou as claves para vivir máis e mellor

A vellez non é unha cuestión de idade, senon de actitude. Isto foi o que demostraron as máis de 3.500 visitas que durante dous días participaron activamente no programa do salón que presentaba máis de 50 opcións que promovían un envellecemento saudable e autónomo. Baile, deporte, pilates e risoterapia foron algunhas das actividades con maior seguemento e que contribuíron a proxectar unha imaxe positiva da vellez reivindicando ao mesmo tempo o papel activo dos maiores na sociedade.

Galisenior 2018 foi punto de encontro de todos os axentes sociais vencellados o sector do maior. Administracións,



Unha das actividades realizadas en Expourense.

empresas e profesionais presentaron nesta cita as ferramentas necesarias para garantir a calidade de vida dos maiores. Xa non abonda con vivir máis, o obxectivo é agora vivir mellor. O salón recibiu a visita de varias asociacións de maiores proce-

des de distintos puntos de Galicia como A Coruña, Ferrol, Vigo, Bueu, Chantada, A Estrada e Silleda. Demostrase así unha vez máis que o asociacionismo é un dos piares básicos para garantir un envellecemento activo e saudable.

Pereiro de Aguiar terá máis autobuses escolares o próximo curso

A Xunta de Galicia trasladoulle ao CEIP plurilingüe Ben-Cho-Shey, no Pereiro de Aguiar, que o vindeiro curso será posible atender a demanda de cambio de horario escolar habilitando cinco



Reunión coa asociación de pais de alumnos.

novos autobuses cos seus respectivos acompañantes. Así o anunciou a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, na xuntanza que mantivo xunto á delegada da Xunta en Ourense, Marisol Díaz, e o secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Jesús Oitavén, coa Dirección e a Asociación de

Nais e Pais (ANPA) no centro escolar. Ethel Vázquez trasladoulle aos representantes do colexio e da ANPA que a implantación o pasado mes de agosto do Plan de Transporte Público de Galicia fixo posible estudar a súa solicitude de racionalización do actual horario escolar, co fin de favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

O Concello de Ourense mantén o orzamento de 2014

Os tres grupos municipais de oposición no Concello de Ourense: Democracia Ourensá, Partido Socialista e Ourense en Común, votaron en contra da convocatoria por vía de urxencia dun pleno extraordinario, para debater a aprobación dos orzamentos de Concello para 2018. Esta negativa, frustrou a idea do alcalde Jesús Vázquez Abad (PP), de vincular ese pleno á presentación dunha moción de confianza contra a súa persoa.

O Concello de Ourense é a única administración local española que leva catro anos sen maioría suficiente para aprobar os seus orzamentos, e ten prorrogados os de 2014. O Goberno local tardou tres anos en presentar estes orzamentos e fíxoo, segundo coincidiron os tres grupos de oposición, "cun documento infestado de irregularidades" e un informe de Intervención que atopa polo menos sete lagoas administrativas, que de aprobar o proxecto, podería acabar no xulgado. Esta foi a causa principal alegada pola oposición para non permitir o pleno.

Goberno

Non obstante o debate da cuestión de urxencia, comezou coa intervención de Ana Morenza edil de Facenda, nun ton moi crítico, antesala dun "non" esperado tras o fracaso das negociacións. Acusou á oposición, de querer restar coas súas propostas máis de 425.000 euros para mantemento de zona verdes; un millón de euros para a área social, ou de cortar as axudas ao Rallye de Ourense e ao Club Ourense Baloncesto.

Sinalou que o PP "está tranquilo" coa legalidade dos orzamentos presentados, algo que logo apoiaría o alcalde ao cualificar de "covardes" aos outros grupos, por non levar ao xulgado estes orzamentos se en verdade venos ilegais. El que os tribunais lles darían validez, ao contrario que os técnicos municipais.

Oposición

Martiño X. Vázquez, portavoz de Ourense en Común lamentou o "escaso ton de diálogo" co que comezaba a edil e tras resumir algunhas ilegalidades dos orzamentos, pediu que se devolvan para "co-



Sesión plenaria no Concello de Ourense.

rrixir os seus graves erros".

Pola súa banda o portavoz de Democracia Ourensá, Gonzalo Pérez Jácome, sinalou, tras recibir as máis duras críticas por non facilitar a cuestión de confianza, que "facer iso sería o máis rendible politicamente para nós, pero DO e eu sacrificámonos por Ourense, porque se eses orzamentos apróbanse así, chegarían ao xulgado, e en maio do ano que vén estarán invalidados, despois de estar todo ese tempo traballando con eles" advertiu. Tamén cualificou de "embustero" ao alcalde por non dimitir "dada a súa incapacidade", e estar "a poñer en risco á cidade a cambio do seu cargo".

José Ángel Barquero, portavoz do PSdeG-PSOE, argumentou o seu non "porque só pretende encubrir a súa incapacidade despois de anos sen presentar un orzamento e porque "este proxecto teñen un cúmulo de deficiencias legais e entorpeceuse segundo os técnicos a súa fiscalización".

2014

O orzamento vixente pertence á etapa do PSOE no goberno da cidade, con Agustín Fernández como alcalde e o actual portavoz socialista, José Ángel Vázquez Barquero, como concelleiro de Facenda. Ourense é a única capital de todo o Estado que carece de orzamentos actualizados, e un dos cinco desta provincia

cun orzamento anterior a 2017. Nun comunicado emitido á conclusión do Pleno da cidade, o goberno de Vázquez Abad asegura que "o Concello de Ourense continuará adiante coa tramitación para aprobar o proxecto de orzamentos 2018 non Pleno". Pero en ningún momento indica a existencia doutra fórmula que non sexa a do Pleno vinculado á cuestión de confianza que a lei dispón en tales casos, pero que a oposición abortou en maio.

China

Democracia Ourensá sinala nun comunicado que "parece-nos alucinante que DO pedise cita para falar co alcalde sobre os orzamentos o luns 28 de maio, e dígalenos desde secretaría da Alcaldía que non pode ser; que debemos esperar dez días porque o alcalde estará de viaxe no Extremo Oriente, pero que nos convidan a falar coa edil Ana Morenza. É dicir, despois dos sucedido no pleno, e cos orzamentos en risco de ser os únicos de España sen aprobar nun mandato, e o "bo" do alcalde ten o valor de non cancelar a súa viaxe a China.

Convenio para a xestión da pista de atletismo de Expourense

A Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e a Fundación Feiras e Exposicións de Ourense, Expourense, asinaron o convenio de colaboración que regula a xestión da pista de atletismo hidráulica cuberta instalada no recinto feiral e inaugurada o pasado mes de decembro. Esta sinatura correu a cargo da secretaria xeral para o Deporte, Marta Míguez, e actuando coma vicepresidente execu-

tivo de Expourense, Jesús Vázquez. Tamén asistiron a sinatura o xefe de servizo de Deportes da Xunta en Ourense, Mario Guede, e o director xerente de Expourense, Alejandro Rubín.

Este convenio regula o réxime de "coordinación da programación das actividades deportivas e feiras e as actividades de mantemento, conservación e funcionamento da pista de atletismo" e implica que será Expourense a enti-



Sinatura do convenio de colaboración.

dade encargada de xestionar esta infraestrutura deportiva.

A tenor do convenio asinado o uso deportivo da pista enmarcarase en dous períodos, entre o 1 de xaneiro e o 1 de

maio e entre o 1 de decembro e o 31 de decembro, ambos inclusive. Ademais, anualmente estableceranse de maneira conxunta as datas concretas para a realización do Salón Inter-

nacional de Turismo Gastronómico Xantar que sempre terá que celebrarse na primeira semana do mes de febreiro ou de marzo, por un período máximo de 35 días.

A alcaldesa do Porriño reúnese co xerente de Faibus

Estender as liñas de bus ata os polígonos industriais do Porriño, estudar a posibilidade de crear 'circuitos circulares' que comuniquen os diferentes concellos da zona sur entre si, "tal e coma debería terse feito no Plan de Transporte Metropolitano da Xunta", reforzar as comunicacións e frecuencias coas parroquias, comezando por Torneiros, e aumentar o número de vehículos que contén con ramplas e plataformas adiadas para persoas con diversidade funcional.

Estes foron os temas tratados este luns entre a alcaldesa, Eva García de la Torre, e José Manuel Álvarez, director de FaiBus, -concesionaria de transporte entre Vigo e O Porriño-, que mantiveron unha "longa xuntanza" na Alcaldía na que constataron, sinala García de la Torre, as "carencias" do servizo na actualidade.

Entre elas, a alcaldesa sinalou a falla de frecuencias coas parroquias da vila, lembrou a supresión do último bus que saía de Vigo ás 10 e



media da noite, "e que daba servizo a veciñas e veciños do Porriño que traballan en Citroën e a carencia dun enlace co Campus Universitario.

Ás mesmas súmase o feito de que "non hai unha so aliña que chegue ata os polígonos industriais, que teñen unha 'poboación flotante de 35.000 persoas que veñen cada día aos mesmos e que carecen totalmente dunha opción de transporte público", que se adapte ás súas necesidades e aos horarios de entrada e saída das empresas".

Así mesmo, García de la Torre subliñou a necesidade de aumentar o número de buses que dispoñan de ramplas para persoas con diversidade funcional xa que "na actuali-

dade son 3 de 90"- os 3 de 29 de FaiBus, porque o resto dos autocares das compañías que pasan polo Porriño cara a Vigo non dispoñen de plataformas para cadeiras de rodas-, un problema a que hai que engadir o feito de que algunha destas ramplas non están homologadas, "un requisito que non esixiu a Xunta cando adxudicara o servizo".

A alcaldesa constatou que o Plan de Transporte da Xunta "non é operativo, deixa a veciñas e veciños das parroquias do Porriño sen servizo e é máis caro, posto que o billete segue a custar o mesmo, ofrecendo menos frecuencias, enriba, aumentando a cantidade que aporta o Concello a dito plan".

Eva García denuncia que os buses Porriño-Vigo non teñen rampa de acceso de cadeiras de rodas

OGoberno local do Porriño vén de esixir á Xunta de Galicia que corrixa de xeito inmediato a actual situación que teñen que soportar os porriñeses con diversidade funcional que non poden empregar os autobuses de 'Faibus' para desprazarse de Vigo a O Porriño.

A alcaldesa, Eva García de la Torre, facéndose eco das denuncias de numerosas persoas, cualifica de "intolerable e inxustificable" o feito de que os autocares que fan este servizo contén no seu interior con espazos acaídos para persoas con diversidade funcional e non estean preparados para que estas persoas poidan subir ao bus con unha cadeira de rodas.

A xuízo de García de la Torre, esta situación é "denigrante e vexatoria" e subliña que dentro dos buses está sinalizada unha parte reservada para estas cadeiras, e que as mesmas contan cos métodos de subxección e os botóns de aviso para solicitar as paradas

adaptados a persoas con diversidade funcional, pero que, coma recoñecen os mesmos condutores destes vehículos, os mesmos non teñen rampla de acceso para que sexa posible que as persoas en cadeira de rodas suban ao bus algo que é "ridículo e vergoñento".

A alcaldesa lembra que hai xa dous anos que veciños do Porriño con diversidade funcional manifestáronse para esixir que rematase esta discriminación que os obriga a empregar un coche particular, ou a ir en taxi, cando teñen que ir a Vigo para facer algún trámite ou acudir ao médico, e insiste en que "neste tempo a Xunta non tomou medida algunha".

García de la Torre sinala que á Xunta "éncheselle a boca falando das bondades do transporte metropolitano que, por certo, pagamos en unha porcentaxe moi importante os concellos, pero non garante que poidan beneficiarse do mesmo todas as persoas por igual".

Manifestación polo paso a nivel o 1 de xuño

Nunha xuntanza convocada a instancia de todos os membros da Corporación do Porriño, integrantes de todos os grupos políticos da mesma, con entidades veciñais, sociais e culturais, comunidades de montes, representantes de sindicatos, de colectivos económicos e empresariais, de clubs deportivos, asociacións de comerciantes, de hostaleiros ou gremios de toda a vila, decidiuse iniciar mobilizacións para

esixir ao Goberno de España que tome en serio a demanda, que cumpre xa 70 anos, de eliminar o paso a nivel do Porriño.

Todos os representantes dos grupos municipais, sen excepción, consideraron que acabou o tempo de pedir a ADIF e ao Goberno que o tren deixe de pasar polo centro da vila e chegou xa o de que as porriñeses e os porriñeses saia a rúa, de xeito constante, masivo e continuado para que os responsables públicos decidan

acabar con esta situación.

A alcaldesa, Eva García de la Torre, fixo un repaso do que pasou dende o ano 2007, cando o Ministerio de Fomento elaborara un proxecto no que se recollía a supresión do paso a nivel logo do desvío da actual traxectoria da vía e que, advertiu, "caducará en novembro deste mesmo ano".

García de la Torre lembrou a xuntanza mantida en Madrid, en setembro de 2015 con dirixentes de ADIF; o accidente de setembro de 2016 no que morreron 4 persoas e outro medio centenar resultaron feridas; a visita a O Porriño da directora xeral de Infraestruc-

turas de ADIF, en setembro do ano pasado, cunha proposta, "rexeitada, sen fisuras por toda a Corporación", que pasaba por 'emparedar' a vía tras uns muros abrindo un paso soterrado para peóns e vehículos.

Finalmente, sinalou, foron ata "cinco representantes de ADIF os que viñeron o pasado 17 de abril para, salientou a alcaldesa, "preguntarnos cómo estábamos e qué queríamos, sen plan ou proposta algunha para quitar o paso a nivel".

Foi esta actitude a que levou á Corporación a decidir que había que prescindir das negociacións con ADIF logo do que parecía unha 'tomadura de pelo'

e tener coma único interlocutor ao Ministerio de Fomento, polo cal o 23 de abril remitiuse unha carta a ministro, Íñigo de la Serna, pedindo unha xuntanza, carta que non tivo resposta a día de hoxe.

Dacordo con todas as asociacións, clubs, colectivos e entidades locais, acordouse conxuntamente cos voceiros dos grupos políticos municipais, convocar para o vindeiro 1 de xuño, venres, ás 8 da tarde unha manifestación, á que se pide a asistencia de todas as veciñas e veciños, para esixir o desvío da vía do tren do centro do Porriño e a supresión do paso a nivel.

Novas da Raia

Redacción

Tres praias fluviaiais de Salvaterra entrarán no censo de zonas de baño de Galicia

A asociación Lazoiro, que a finais do ano 2016 remitiu un escrito á Consellería de Sanidade para incluír no censo zonas de baño de Galicia tres praias fluviaiais de Salvaterra de Miño acaba de recibir a contestación favorable. Trátase das praias de Abelán -na parroquia de Fornelos-, Bocal -na parroquia de Oleiros- e os Muíños. Ao non formar parte de dito censo, estas praias non estaban sometidas a ningún control da calidade das súas augas, polo cal consideran esta nova moi importante de cara ao seu uso cidadá.

Dende Lazoiro lembran que a catalogación destas praias vai permitir consultar en liña o estado da auga en todo momento pois ata agora o úl-



timo punto recoñecido como zona de baño atópase en Ponteareas, esquecéndose por tanto do treito final do Tea que vai até a desembocadura no río Miño.

Isto suporá un alicerce para revitalizar estas zonas, tanto

no Tea (Abelán e Muíños) como no Miño (Bocal) e dará seguranza a aquelas persoas que busquen zonas de baño onde a calidade da auga se atope controla por un organismo oficial, axudando por tanto a unha promoción turística desas zonas.

Recuperación da fonte de San Ignacio nas Neves

Nos últimos días o Concello das Neves comezou as obras para recuperar a fonte de San Ignacio anteriormente coñecida como fonte do Regueiro.

Os traballos son financiados ao cen por cen pola área de Patrimonio da Deputación de Pontevedra.

A fonte recuperará a auga nos seus canos e será adecentada. Na súa contorna, na parte traseira retíranse as construcións en estado de ruína que non tiñan ningúnha función.

O Alcalde das Neves, Xose Manuel Rodríguez Méndez, recoñece que a veciñanza máis maior agradece moití-

simo a recuperación desta fonte sen esquecer que en todo o concello hai máis de 200 fontes. Indica que este é un espazo con moito potencial e especial para desfrutar do noso pobo.

O Concelleiro de Patrimonio, Oscar González, agradece a Deputación a posta en marcha destes programas de posta en valor do patrimonio, xa que grazas a eles podemos acometer estas pequenas accións sen ter que deixar de facer outras tamén moi necesarias, sobre todo neste ano no que o lume e as posteriores enchentes nos obrigaron a retrasar proxectos para poder reparar os danos.



Borja Gómez recibe a Bolsa Imos-Cola Cao

O Consello Superior de Deportes e Cola Cao entregou o día 24 en Ponteareas a primeira Bolsa Imos - Cola Cao e o CSD co deporte base. Trátase dun programa dirixido a nenos e mozos de toda España de entre 6 e 20 anos, que este ano destinará un total de 300.000€ a facer realidade soños deportivos que inspiren a outros nenos para facer deporte. O triatleta galego Javier Gómez Noya - cun palmarés que inclúe unha medalla olímpica e 9 títulos mundiais, entre outros logros- foi o embaixador desta entrega.

A primeira bolsa vai dirixida a Borja Gómez- un mozo ciclista de 15 anos con síndrome de down- e ao seu equipo do Club Ciclista Ponteareas. Para cumprir o seu soño, Borja pediu como portavoz do club ciclista recibir un coche equipado con portabicycletas para todo o equipo



do seu pobo e así poder acudir ás distintas citas deportivas da zona. Todo cun único obxectivo: seguir crescendo neste deporte e divertirse xunto aos seus amigos. O Xurado das Bolsas Imos- formado polo Consello Superior de Deportes, Cola Cao e os embaixadores do proxecto, os deportistas Mireia Belmonte e Saúl Craviotto- quixo distinguir esta candidatura porque integra os valores máis impor-

tantes que quere promover este programa- integración no deporte, superación, constancia, esforzo e traballo en equipo entre outros.

No transcurso do acto fíxose entrega a Borja Gómez e ao Club Ciclista Ponteareas do coche e levouse a cabo unha carreira ciclista popular, protagonizada polo deportista Javier Gómez Noya e os membros do equipo ciclista gañador da bolsa.

O Club de Patinaxe Luar de Ponteareas fai podium en Burgos

O grupo de Show promocional do Club de Patinaxe Artístico Luar de Ponteareas acadou o terceiro posto na Categoría de Show promocional do Trofeo Cid Cam-

peador de Burgos, celebrado o 19 de Maio en Villariezo co tema "500°C temperatura na que o lume se volve azul, cando ten moito osíxeno que queimar".



O Concello de Tui habilita un fondo de emerxencia dun millón de euros para afrontar a traxedia de Paramos

Ante os acontecementos acaecidos na parroquia de Paramos, o pasado día 23 de maio, coa explosión de un almacén ilegal de pirotecnia na que faleceron dúas persoas, o Concello de Tui habilitará un fondo de emerxencia, dotado cun millón de euros, con cargo ao remanente de tesourería.

Por outra parte o luns estúdase o informe que elaboren os técnicos municipais para tomar unha decisión sobre a solicitude ao goberno central da declaración da área afectada coma zona catastrófica.

Dende o luns no Centro de Atención aos afectados no Centro de Formación Municipal haberá un gabinete urbanístico exclusivamente dedicado á atención aos afectados con parte técnica e xurídica. Os Servizos Sociais continúan a traballar na reubicación das familias afectadas que non poden volver as

súas vivendas. Sobre este asunto faise un chamamento aos veciños de Tui que teñan vivendas baleiras habitables que poidan polas a dispor para alugar aos afectados.

O sábado día 26 reuniuse no Centro de Afectados o Gabinete de Crise integrado por unha trintena de persoas entre representantes do Concello, Deputación de Pontevedra, Xunta de Galicia, forzas de seguridade e técnicos das tres administracións, para avaliar a situación neste momento e acordar os seguintes pasos a seguir na atención aos afectados. A intención é que ao gabinete de crise – que se reunirá semanalmente – se incorpore tamén o goberno central.

Neste gabinete de crise deuse conta do reforzo do dispositivo de seguridade na zona cero, ao que dende esta tarde se incorporan membros do GRS

da Garda Civil, sumándose aos efectivos que se están traballando na zona da propia Garda Civil, Policía Local e Policía Autonómica. As forzas de seguridade confirman que até o momento non se presentou ningunha denuncia por roubo ou furto na zona afectada.

Ao fronte deste gabinete de crise está o alcalde de Tui, Carlos Vázquez Padín, formando parte do mesmo as distintas administracións e forzas de seguridade.

Colaboración cidadá

Por outra parte hai aberta unha conta en ABANCA ES80 2080 7208 3385 3000 7122 para todos os que desexen realizar unha doazón para os afectados. Hai habilitada unha conta de correo electrónico afectadostui@concellotui.org e un teléfono 986 60 39 49 para os propios afectados, e para os que desexen colaborar pondo vivendas en alugueiros.



Situación do expediente urbanístico da nave que Pirotecnia La Gallega ten en Baldráns

En relación aos fatais acontecementos que se produciron o pasado mércores 23 de maio, o Concello de Tui ten interese en informar sobre a situación urbanística do expediente relativo á parcela na que oficialmente a entidade Pirotecnia La Gallega S. L. ten o seu domicilio social no Barrio da Igrexa, Parroquia de Baldráns. Esta parroquia de Baldráns, aínda que é próxima, é distinta a aquela outra na que se produciu a explosión, denominada Paramos, descoñecendo absolutamente o Concello a localización e existencia do almacén clandestino.

Respecto de devandito expediente, ditáronse dúas resolucións xudiciais do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Pontevedra e da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anulaban as licenzas que a pirotecnia tiña por non cumprir os retranqueos a un terreo lindeiro. En cumprimento das devanditas sentenzas, o Concello emitiu en novembro de 2015 unha orde de demolición e clausura da actividade na mencionada parcela situada no Barrio da Igrexa, Baldráns.

Dita Orde, cuxa execución correspondía ao interesado de acordo coa lexislación do chan, foi obxecto de diferentes recursos administrativos ata que

en xullo de 2017 o Concello, ante a inactividade do interesado, tívolve por desistido acordando a execución subsidiaria á súa costa da demolición e clausura da actividade, e dando lugar ás correspondentes multas coercitivas. Respecto de todas estas actuacións as Autoridades Xudiciais foron oportunamente informadas.

No outono de 2017 a policía local do Concello, como consta nos correspondentes atestados, acudiuse na pirotecnia e verificou que a mesma non tiña actividade, iniciándose en paralelo a tramitación da execución subsidiaria da demolición polo Concello.

Poucos días despois da toma de posesión do 17 de outubro de 2017, a Alcaldía recibiu unha multa do Xulgado por inactividade. Dita multa foi recorrida alegando a imposibilidade material por razón de tempo de coñecer a situación na que se atopaba o expediente. En todo caso procedeuse a informar o Xulgado en decembro de 2017 da situación do expediente tras virar visita de inspección o arquitecto municipal o cal comprobou que a pirotecnia seguía sen actividade.

Durante os primeiros meses do ano 2018 continuouse coa tramitación do proxecto de demolición estando pendente na actualidade de informes técnico e xurídico.

Villares en Tui e Oia

O pasado xoves, 24 de maio, despois da visita con Villares para acompañar a os veciños e vítimas de Tui e avaliar os danos polo desastre ocorrido na comarca, presentouse na Casa Cultural de Oia, Movemento Oia.

A nova Marea organizou unha xornada de traballo na que participaron o voceiro nacional do espazo, Luís Villares, a vicevoceira Ana Seijas

e a persoa que impulsou Movemento Oia, Xoán Lois Vila. A xornada pechouse cunha asemblea coa veciñanza para explicar o proxecto e debatir sobre os principais problemas e inxerencias que



afectan a Oia. O obxectivo é poñer fin a unha parálise no concello do goberno en minoría do PP. Vila aclarou

que "eu non teño prebendas e quero mudar as políticas deste pobo porque ten un gran potencial, e hai que rematar co inmovilismo do Partido Popular", e para iso fai falta "xente comprometida, que sume". Pola súa parte, Villares e Seijas ofrecéronlle a Movemento Oia todo o apoio e a axuda de En Marea para que "Medre o Mar", para que Oia deixe atrás a parálise.



Novas da Raia

Redacción

Tomiño e Cerveira dan un paso máis na cooperación transfronteiriza coa creación dunha Eurocidade

O Concello de Tomiño vén de aprobar en pleno e por unanimidade a 'Constitución da Eurocidade Cerveira-Tomiño', "un proxecto de futuro" co que se busca seguir avanzando na actual cooperación transfronteiriza e na xestión compartida de equipamentos e servizos. "Trátase dun paso importantísimo para os dous municipios e dende o Concello agradecemos ese voto de confianza, ese apoio unánime a esta iniciativa, xa que non é soamente un acordo para algo puntual, senón un proxecto de futuro que beneficiará en moitos aspectos a ambos os dous municipios", explicou Sandra González, alcaldesa de Tomiño.

Coa redacción deste documento para constituír unha Eurocidade conxunta entre Tomiño e Vila Nova de Cerveira o goberno municipal segue a traballar man a man cos seus veciños portugueses para facilitar a vida da cidadanía nas dúas beiras do río. Para conseguilo formalizárase un convenio que recolla a nova de-



nominación de Eurocidade Cerveira-Tomiño para promover de forma conxunta a cooperación institucional, a valorización do patrimonio natural e cultural, a xestión compartida de equipamentos e servizos públicos ou o planeamento estratéxico do territorio, ente outros aspectos.

Desde a súa posta en marcha, a cooperación transfronteiriza entre Tomiño e Cerveira ten como prioridade a participación pública e activa da cidadanía. En 2014 ambos os dous municipios subscribiron a 'Carta da Amizade', un documento que recoñecía esta

cooperación territorial como un dos medios máis eficaces para a aproximación das poboacións fronteirizas, a supresión das dificultades que implican todas as fronteiras e a promoción do desenvolvemento económico, social e cultural.

Con este obxectivo, ambos os dous municipios levan anos sacando adiante iniciativas conxuntas como a figura da Valedora Transfronteiriza ou o Orzamento Participativo Transfronteirizo, enmarcado nun proxecto cofinanciado ao 75% polo Programa INTERREG VA POCTEP, con fondos FEDER da Unión Europea.

Chaves seguirá presidindo a Cooperación Transfronteiriza

Nuno Vaz, presidente da Cámara Municipal de Chaves, seguirá os dous próximos anos á fronte da Agrupación Europea de Cooperación Transfronteiriza Chaves-Verín como presidente. Así se acordou na asemblea xeral celebrada no Concello de Verín. Por tanto, liña de continuidade na AECT xa que, ademais de manterse á fronte Nuno Chaves, tamén se acordou a renovación de todos os delegados da Asemblea, tanto Chaves

como de Verín.

Na reunión do pasado día 11 de maio na sede da Cámara de Chaves, se deliberou e acordou sobre a necesidade de que a AECT dispoña de sete técnicos que garantan á Agrupación a execución dos proxectos Interreg, Eurocidade 2020 e Destino Fronteira, así como levar a cabo un estudo que posibilita ampliar os servizos que actualmente presta o cartón de eurociudadano da devandita Agrupación.



Reunión celebrada en Verín.

O CEIP M.R. Sinde recibiu a 15 mestres europeos participantes nun proxecto Erasmus+

O Centro de Educación Infantil e Primaria (CEIP) Manuel Rodríguez Sinde recibiu a pasada semana a 15 docentes de distintos países europeos participantes no proxecto Erasmus+ «Terra Vita», orientado ao intercambio de experiencias e boas prácticas no eido educativo e medioambiental, e que consiste en asociacións estratéxicas escolares nas que poden colaborar outras organizacións relacionadas co ámbito edu-

cativo tales como autoridades locais, universidades, centros de investigación, bibliotecas e museos.

As mestras -procedentes de centros de ensino infantil, primario e educación especial de Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Grecia, Polonia e Romanía- permaneceron na Guarda entre os días 23 e 25 de maio co fin de traballar conxuntamente na elaboración do calendario de actividades do proxecto para o próximo curso.

Durante as tres xornadas, os profesores tiveron tempo de visitar o Monte Santa Trega, achegarse ao centro San Xerome Emiliani e coñecer as instalacións da adega Terras Gauda, ademais de traballar na organización do proxecto «Terra Vita» conxuntamente cos docentes do centro anfitrión. Os visitantes foron recibidos no salón de plenos do Concello polo alcalde, Antonio Lomba, e a concelleira de Educación, María Elena Baz.



Os 13 concellos do GDR 14 e Soutomaior únense para poñer en marcha un xeodestino turístico conxunto

Presentaron a súa candidatura este martes 22 na Casa do Concello de Baiona coa presenza de alcaldesas, alcaldes e representantes dos 14 municipios

O turismo é unha actividade económica complexa de carácter transversal na que se debe de investir en recursos e servizos para dar resposta á demanda dun mercado tremendamente esixente, dinámico e influenciábel. Para aglutinar esforzos e xerar un maior fluxo turístico, os 13 concellos do territorio do GDR 14 (Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui) veñen de unirse ao concello de Soutomaior para presentar a súa candidatura como xeodestino turístico.

Estes xeodestinos son recoñecidos pola Xunta de Galicia como os espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais e que conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Trátase de establecer mecanismos de cooperación, estruturar a actividade mediante o aproveitamento racional dos recursos e impulsar o turismo dun modo eficiente con produtos e servizos competitivos que contribúan ao desenvolvemento socioeconómico do territorio.

Un proxecto común para un turismo de calidade

“É moi importante que aquelas comarcas turísticas que te-

ñen cousas en común aproveiten para facer entre todos un territorio turístico que nos permita falar de Galicia de forma especializada. Trátase dunha oportunidade para que os turistas descubran o noso territorio con todo o que pode ofrecer. Se todos sumamos podemos sacar adiante este territorio”, explicou a directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, durante a presentación da candidatura este martes 22 de maio na Casa do Concello de Baiona.

Para Sandra González, alcaldesa de Tomiño e presidenta da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eu Rural, entidade responsable da execución da Medida Leader 2014-2020 no territorio do GDR 14, é precisamente esa unificación territorial a que “debemos aproveitar para traballar xuntos en novos proxectos. Estamos convencidos de que o turista non busca soamente un destino, senón a complementariedade da oferta. E facendo isto xuntos os beneficios non se suman, se multiplican. Estamos convencidos de que xuntos somos máis fortes”.

A actual Estratexia de Turismo de Galicia 2020 contempla os xeodestinos como fórmula para mellorar a cadea de valor do turismo e como catalizadores. Nestes intres xa existes dentro da marca Galicia 14 xeodestinos e o creado polo GDR 14 e Soutomaior estaría



enmarcado no denominado Rías de Vigo e Baixo Miño, que conta na actualidade cun subxeodestino xa constituído e traballando, o de Condado-Paradanta.

Respaldo unánime

O acto de presentación contou coa presenza e respaldo de representantes dos 14 concellos implicados neste xeodestino, como Sandra González, alcaldesa de Tomiño e presidenta da Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eu Rural, entidade responsable da execución da Medida Leader 2014-2020 no territorio do GDR 14; Ángel Rodal, alcalde de Baiona; Emiliano Lage, alcalde de Fornelos de Montes; Francisco Ferreira, alcalde de Gondomar; Antonio Lomba, alcalde de A Guarda; Cristina Correa, alcaldesa de Oia; Andrés Iglesias, alcalde de Pazos de Borbén; María del Carmen Alonso, alcaldesa de O Rosal; Agustín Reguera, alcalde de Soutomaior; Carlos Vázquez Padín, alcalde de Tui; Raquel Giraldez,

tenente de alcalde de Nigrán; Julia Loureiro, concelleira de Mos; Teresa París, concelleira de Turismo de Redondela; e Beatriz González e José Ángel Bahamonde, concelleiros de Baiona.

O alcalde de Baiona, Ángel Rodal, concello anfitrión na presentación da candidatura, quixo recalcar que a unión de todo o territorio para levar adiante esta iniciativa “é moi importante, porque aínda que os turismo é un valuarte a nivel nacional e autonómico, pero o usuario demanda uns servizos de calidade. O xeodestino potencia as sinerxías que podemos ter en común e a calidade da nosa oferta ao implicarse e cooperar. Porque non vamos a competir, senón compartir”.

A posta en marcha da iniciativa continuará coa definición do modelo de xestión do xeodestino, coa redacción dun Plan Estratéxico e coa implicación tanto do sector privado como do público, buscando

vías de financiamento e desenvolvemento. O obxectivo é impulsar un proxecto que se presenta como unha excelente oportunidade para darlle pulo ao turismo no territorio optimizando recursos estruturados e organizados, ofrecendo produtos turísticos diferenciados, competitivos e recoñecibles polo mercado; creando unha infraestrutura turística coordinada con capacidade para atender debidamente ao visitante; traballando baixo unha imaxe de marca recoñecible que permita diferenciar este xeodestino fronte ao resto de opcións coas que compite; xerando un proxecto común coa implicación de todos os concellos participantes guiado por un plan estratéxico ou un plan director que marque o camiño a seguir; e artellando unha estrutura organizativa e de xestión que permita desenvolver as estratexias e coordinar as accións definidas no plan director dun xeito profesional, áxil e permanente.

III Feira do Pan do Porriño os días 1 e 2 de xuño

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, Santos Héctor Díaz, deputado responsable de Promoción Turística da Deputación de Pontevedra, Marcelino Coto, concelleiro de Comercio, Juana Pérez, presidenta da Asociación de Comerciantes e Industriais do Porriño (ACIPOR), o presidente da Asociación de Panadeiros e a cocinera Marta Rodal, pregoeira desta edición, presentaron a III Feira do Pan do Porriño que este 2018 celébrase os días 1 e 2 de xuño, venres e sábado.

A feira volve ao lugar no que empezara, a Praza de San Benito, logo de que a Praza do Cristo se quedara 'estreita'

para acoller aos postos e, sobor de todo, aos visitantes que se achegan a miles ata o Porriño.

O programa da Feira empezará o venres, día 1, ás 7 da tarde, coa apertura da mesma e a degustación, gratuita, de 200 racións de pan, xamón e cerveza artesán.

O sábado, día 2, os 15 postos da Feira, formados por 8 panaderías- Argibay, Amaquía, O Forno de Mosende, Chinchina, Panadería Torneiros, Los Milagros, Erundina e O Progreso- e 7 de diferentes produtos, coma marmeladas, cervexas, embutidos, viño, licores, mesmo o famoso Requeixo de As Neves,



abrirán ás 10 da mañá.

Ás 10 e media será o momento da 'Animación na rúa', coa actuación da Charanga OT. A mesma dará paso, ao mediodía, ao pregón, que este ano será a cargo da cocinera porriñesa Marta Rodal, que compaxina o seu posto de directora da Escola de Cociña 'O Xogo da Ola', co traballo no Restaurante Jorge Lorenzo. No mesmo tamén intervirán o concelleiro de Comercio, Marceino Coto, e a alcaldesa, Eva García de la Torre.

Ás 12:30 horas empezará o show cooking 'Maridaxes do Pan do Porriño con produtos artesáns', a cargo das alumnas e alumnos da Escola EFA A Cancela.

Xa pola tarde, ás 5, empezará a xornada do 'Mini Pan' co obradoiro infantil no que as cativas e cativos aprenderán a facer pan; ás 7 da tarde coñeceranse as gañadoras e gañadores do Certame 'Empanadas no Ring' e ás 9 da noite será a clausura da edición da Feira do Pan deste ano.

CAMPIONATO DE ESPAÑA DE BAILE DEPORTIVO
I CONGRESO INTERNACIONAL DE BAILE SOCIAL OURENSE-PROVINCIA TERMAL

Campionatos de latinos, hip-hop, line dance, danza coreográfica e ritmos caribeños.

Espectáculo único con 90 artistas internacionais.

Shows e animación nocturna con orquestras e algúns dos mellores bailaríns do Mundo.

ORGANIZAN:
Expourense
moovett

DEPUTACIÓN D'OURENSE
FEbD

Ou18

ENTRE 22 E O 24 DE XUÑO EN EXPOURENSE E NO PACO PAZ

MERCA XA AS TÚAS ENTRADAS EN
ENTRADAS.OURENSEBAILA.ES

SPORTUR Galicia
II SALÓN DO DEPORTE E TURISMO ACTIVO

15, 16 e 17
novembro de 2018
Expourense
(Ourense | Galicia | España)

DEPORTE | VIDA ACTIVA
NATUREZA | SAÚDE

www.sporturgalicia.com

XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO
Expourense
galicia o bo camiño